

1.2 CONSELLO ESCOLAR DE ANDALUCÍA

CONSELLO ESCOLAR DE ANDALUCÍA

I. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

I.1 REFERENCIA DO MARCO LEGAL.

- Constitución Española (BOE do 29 de decembro de 1978).
- Estatuto de Autonomía para Andalucía (BOE do 11 de xaneiro de 1982).
- Lei 13/1982, do 7 de abril, sobre integración social dos minusválidos (BOE de 30 de abril de 1982).
- Real decreto 1174/1983, do 27 de abril, sobre educación compensatoria (BOE do 11 de maio de 1983).
- Real decreto 334/1985, do 6 de marzo, de ordenación da educación especial. (BOE do 16 de marzo de 1985).
- Lei 3/1990, do 27 de marzo de 1990, para a educación de adultos (BOJA 6-4-90)
- Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.
- Decreto 86/1991, do 23 de abril de 1991, polo que se regulamenta a composición e funcionamento da Comisión para a Educación de Adultos (BOJA do 14-5-91).
- Decreto 87/1991, do 23 de abril de 1991, polo que se regulamenta a creación dos centros para a educación de adultos na Comunidade Autonómica de Andalucía (BOJA 15-5-91).
- Decreto 88/1991, do 23 de abril de 1991, sobre órganos de goberno dos centros para a educación de adultos (BOJA 14-5-91).
- Decreto 89/91, do 23 de abril de 1991, polo que se regulamenta o seguimento, a coordinación e a avaliación dos centros para a educación de adultos (BOJA 17-5-91).
- Decreto 90/1991, do 23 de abril, polo que se desenvolven determinados aspectos da Lei 3/1990, do 27 de marzo, para a educación de adultos, relativos ó persoal ó seu servizo (BOJA 17-5-91).
- Decreto 106/92, do 9 de xuño, polo que se establecen os ensinos correspondentes á educación secundaria obligatoria.

- Orde do 13 de xullo de 1994, pola que se regulamenta o procedemento de deseño, desenvolvemento e aplicación de orientacións curriculares nos centros docentes de educación infantil, primaria e secundaria da Comunidade Autónoma de Andalucía (BOJA 10-8-94).
- Orde do 3 de outubro de 1994, pola que se regulamenta a fase de formación práctica en empresas encadradas no programa MAREP (BOJA nº 180).
- Real decreto 696/1995, do 28 de abril, de ordenación da educación dos alumnos con necesidades educativas especiais (BOE 2 de xuño de 1995)
- Orde do 29 de xuño de 1995, pola que se convocan os centros para a educación de persoas adultas para participar en proxectos de formación con orientación socio-laboral para mulleres, no marco de desenvolvemento do programa MAREP (BOJA nº 109).
- Orde do 14 de xullo de 1995, pola que se regulamentan os programas de garantía social.
- Decreto 213/1995, do 12 de setembro, de regulamentación dos equipos de orientación educativa (BOJA 29-11-95).
- Orde do 13 de setembro de 1995, pola que se convocan os centros para a educación de adultos para realizar proxectos e actualizacións interculturais en Andalucía (BOJA nº 133).
- Orde do 6 de febreiro de 1996, pola que se convocan prazas para alumnos e alumnas nas residencias escolares e escolas fogar dependentes da Xunta de Andalucía sostidos con fondos públicos, para o curso académico 1996/97 (BOJA nº 29).
- Orde do 22 de abril de 1996, pola que se regulamenta o procedemento de asignación de recursos económicos ós centros docentes dos niveis básicos sostidos con fondos públicos para a distribución de materiais curriculares entre os alumnos e alumnas procedentes de familias socioecononomicamente desfavorecidas (BOJA nº 55).
- Orde do 1 de agosto de 1996, pola que se regulamentan as condicións e o procedemento para flexibilizar, con carácter excepcional, a duración do período de escolarización obligatoria dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual (BOJA 29-8-96).
- Orde do 25 de marzo de 1997, das consellerías de Obras Públicas e Transportes e Educación e Ciencia, sobre organización e xestión do servicio de transporte escolar e de estudiantes dos alumnos de educación primaria e secundaria obligatoria na Comunidade Autónoma de Andalucía.
- Decreto 156/1997, do 10 de xuño, polo que se regula a formación básica en educación de adultos (BOJA 14 de xuño de 1997).
- Decreto 192/1997, do 29 de xullo, polo que se regulamenta o servicio de comedor nos centros docentes públicos dependentes da Consellería.
- Orde do 11 de agosto de 1997, pola que se regulamenta a organización e funcionamento do servicio escolar de comedor nos centros docentes públicos dependentes da Consellería.
- Orde do 10 de febreiro de 1998, que modifica parcialmente a do 11 de agosto de 1997.

- Lei 9/1999, do 18 de novembro, de solidariedade na educación (BOJA 2 de decembro de 1999).

I.2 ANTECEDENTES E TRADICIÓN SOBRE O TEMA

A Constitución consagra o dereito á educación para tódolos cidadáns e cittadás sen excepción, e recoméndalles ós poderes públicos a tarefa de promove-las condicións e remove-los atrancos para que tal derecho sexa aproveitado por todos en condicións de liberdade e igualdade.

Do mesmo xeito, o Estatuto de Autonomía para Andalucía, no seu artigo 12.3, recolle como obxectivo básico o acceso de tódolos andaluces ós niveis educativos e culturais que lles permitan a súa realización persoal e social.

Para acadar estes fins, na Comunidade Autónoma Andaluza impulsouse e sostívose un conxunto de programas que, desde a acción compensatoria, permitan palia-las situacións de desvantaxe das que partían algúns colectivos de alumnos e alumnas.

Coa implantación da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, que no seu título V desenvolve a concepción da compensación de desigualdades na educación, amplíase o tratamento á diversidade a toda a poboación escolar e establecense os mecanismos necesarios para que o propio sistema educativo, a través dunha axeitada programación e planificación, evite as desigualdades que poñen en perigo a progresión escolar de determinados alumnos e alumnas, debido á súa situación económica ou á dispersión xeográfica do medio en que residen.

A diversidade é a característica máis salientable da poboación; por iso, a atención a ela converteuse nun centro de interese preferente para o novo sistema educativo, e recibiu un tratamento, acorde coa súa importancia, desde as seguintes perspectivas:

- a) Atención á diversidade do alumnado (medidas curriculares).
- b) Atención ás necesidades educativas especiais derivadas do diferente grao e tipo de capacidades.
- c) Atención ás necesidades educativas especiais derivadas de factores socioculturais e económicos.

I.3 SOLUCIÓNS E ESTRATEXIAS EN CADA TERRITORIO PARA AFRONTA-LO TEMA E MODELO Ó QUE CONDUCE

I.3.A. MEDIDAS CURRICULARES DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO

A estratexia global adoptada neste campo inclúe unha serie de vías e medidas específicas, tendentes a conseguir un ensino de carácter personalizado. E iso, sen dúbida, porque o reto máis

importante que se presenta nun sistema educativo é o de axeita-lo ensino ás esixencias e ós requisitos dos individuos concretos.

A primeira medida de atención á diversidade, no campo das decisións curriculares, atinxe á configuración do propio currículo. Neste sentido, a opción por un modelo de currículo aberto e flexible constitúe unha vía privilexiada de atención á diversidade, unha medida estructural, sen a que non existiría a marxe de actuación precisa para acadar un ensino de carácter adaptativo e atento, por conseguinte, ás diferencias individuais.

Que o currículo sexa aberto significa que a Administración non monopoliza o campo das decisións relativas ós obxectivos, contidos, métodos de ensino e criterios de avaliación, e que, consecuentemente, reservou importantes e amplas parcelas, dentro destas decisións, ós centros e ós profesionais do ensino como consecuencia da autonomía que lles outorga a LOXSE.

O desenvolvemento dun modelo curricular aberto e flexible nos centros ponse en marcha a través do Proxecto Curricular de Centro, que concreta o currículo con referencia ós alumnos e alumnas que escolariza e á institución escolar en que se desenvolve.

Cando determinados alumnos non poden segui-la proceso normal de aprendizaxe, pónense en marcha medidas de apoio encamiñadas á adaptación do currículo a través das adaptacións curriculares.

O artigo 18 do Decreto 106/92, do 9 de xuño, polo que se establecen os ensinos correspondentes á educación secundaria obligatoria en Andalucía, contempla a vía da diversificación curricular:

“...Como garantía de flexibilidade na oferta educativa, a diversidade deberá transcede-lo ámbito das adaptacións a determinados contextos e individuos para articular ofertas diversificadas de contidos dirixidos a aqueles alumnos e alumnas que ó finalizaren a etapa non conseguiran desenvolver axeitadamente os obxectivos xerais a través das vías ordinarias. A diversificación curricular convértese así nun mecanismo institucional que deberá garantir o desenvolvemento e a socialización óptima de tódolos alumnos, intentando solucionar as dificultades que, en función de diversas circunstancias, afectan de xeito específico a este colectivo.”

I.3.A.1 Adaptacións curriculares non significativas.

Poden considerarse aquelas que introduce o profesor na súa práctica cotiá e que responden a modificacións non relevantes do currículo.

En ocasións realizarase a adaptación nos obxectivos, dándolles prioridade a aqueles que se relacionan con capacidades básicas ou instrumentais, ante a imposibilidade de traballar con tódolos alumnos ó mesmo nivel.

Noutros casos xorde a necesidade de actuar sobre os contidos, suprimindo aqueles que teñan un carácter máis accesorio e complementario, para centrarse nos nucleares ou fundamentais.

Con frecuencia as adaptacións nos obxectivos e contidos serán simultáneas, dada a estreita relación existente entre ámbolos elementos.

Outras veces será suficiente con realizar un cambio metodolóxico, propoñéndolle ós alumnos con dificultades tarefas menos complexas ca ó resto dos seus compañeiros, ou prestándolle maior atención no seu traballo individual ou de grupo.

I.3.A.2 Adaptacións curriculares significativas

A adaptación curricular significativa pódese definir como aquela que supón a modificación de un ou máis elementos do currículo e/ou dos elementos de acceso para os alumnos con necesidades educativas especiais.

Polo xeral, as necesidades educativas especiais débense a unha discapacidade de tipo físico, psíquico ou sensorial; se ben é posible que determinados alumnos e grupos, provenientes de contextos social e culturalmente desfavorecidos poidan precisar adaptacións individuais do currículo.

A adaptación curricular individualizada constitúe o último nivel de concreción curricular (axustada ó individuo concreto). Antes da posible elaboración dunha adaptación curricular individualizada procurárselles dar resposta ás necesidades educativas desde a programación da aula, esgotando os recursos dispoñibles a este nivel: reforzo pedagóxico, atención individualizada e avaliación continua e formativa.

I.3.A.3 Programas de diversificación curricular

Os programas de diversificación curricular son unha medida dirixida ó alumnado con dificultades xeneralizadas da aprendizaxe en segundo ciclo de educación secundaria obligatoria, cunha idade comprendida entre os 16 e os 18 anos. Estes programas supoñen unha reordenación global do currículo da etapa, baseada na selección de contidos nucleares, coa finalidade de facilita-lo desenvolvemento suficiente das capacidades e a obtención da titulación básica.

I.3.A.4 Programas de garantía social

Entre os recursos que aporta o novo modelo educativo para a atención á diversidade dos alumnos e alumnas, atopanse os denominados programas de garantía social. Estes programas van dirixidos ó alumnado que, por razóns de orde social, económica, cultural ou educativa, non accede a titulación básica, ou ó que por discapacidade ou minusvalía tampouco pode lograla. Para este último tipo de alumnado, os programas de garantía social tiveron un precedente nas aulas ocupacionais e na formación profesional adaptada.

A impartición dos programas de garantía social é responsabilidade da Administración educativa, aínda que se poden realizar en colaboración con outras entidades públicas e privadas.

As características fundamentais que definen os programas de garantía social son:

- Posibilita la incorporación da xente nova á vida activa mediante o dominio das técnicas e coñecementos básicos dun oficio profesional, nun nivel de iniciación con respecto ó correspondente de formación profesional específica de grao medio.
- Contidos formativos que abranguen dous grandes apartados: o reforzo nas áreas correspondente ó currículo establecido con carácter xeral e obligatorio, e outro de iniciación profesional. O primeiro vai dirixido a lle asegurar a todo alumnado unha formación xeral que permita a súa inserción activa na sociedade; a área de iniciación está encamiñada a facilitar tanto a incorporación á vida activa como a continuidade dos estudos na formación profesional específica de grao medio.

Os programas de garantía social non están integrados en ningún dos niveis, etapas, ciclos ou graos en que se organiza o sistema educativo. Non obstante, a súa planificación non se pode desligar do plano xeral da atención á diversidade de intereses e capacidades dos alumnos, que a nova ordenación do sistema establece como un dos principios fundamentais que o inspiran.

Os alumnos ou alumnas que acceden a un programa de garantía social deben ser menores de 21 anos e, polo menos, cumplir los 18 no ano natural de iniciación do programa. Son alumnos e alumnas que non acadaron os obxectivos xerais da educación secundaria obligatoria e non posúen titulación ningunha de formación profesional. Poden acceder ós programas de garantía social os alumnos con 16 anos que se atopen desescolarizados ou que teñan algúna discapacidade.

A duración destes programas é variable en función do momento e niveis de acceso e das expectativas dos alumnos e alumnas. En todo caso, está comprendida entre seis meses e dous cursos académicos. Os alumnos con necesidades educativas especiais poden permanecer un curso máis para facilita-lo logro dos obxectivos educativos previstos no programa.

Os programas de garantía social desenvólvense para grupos de quince a vinte alumnos e alumnas. Cando en ningún destes grupos se integran alumnos con necesidades educativas especiais o número máximo é de 15. Tres é o número máximo de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais para integrar por grupo.

I.3.B. MEDIDAS DE ATENCIÓN ÁS NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS DERIVADAS DO DISTINTO GRAO E TIPO DE DISCAPACIDADE.

Dos diferentes campos en que se manifesta a diversidade dos alumnos no sistema educativo, merece unha consideración particular o sector da poboación escolar con necesidades educativas especiais derivadas de déficits físicos, psíquicos ou sensoriais; de carácter transitorio ou permanen-

te. A atención educativa deste alumnado require a axeitada regulamentación e ordenación dun conxunto de elementos que constitúen a base da resposta educativa á súas necesidades. Ó respecto, a Consellería de Educación e Ciencia levou a cabo desde o curso 86/87 diversas actuacións para unha mellor atención educativa a este alumnado, todas elas baseadas nos principios de normalización, integración e atención individualizada.

As actuacións levadas a cabo pódense sintetizar nos seguintes aspectos:

- Dotación de servicios técnicos de apoio: de valoración e orientación, de reforzo pedagóxico e de tratamiento.
- Mellora do equipamento básico, adecuación de espacios e material didáctico dos centros para facilitarles unha oferta de maior calidade ós alumnos con necesidades educativas especiais.
- Organización de actividades de formación do profesorado no ámbito das necesidades educativas especiais, especialmente dirixidas a titores e profesorado de apoio en centros de educación primaria.

Dende a posta en marcha do Programa de Integración Escolar, os centros específicos de educación especial de Andalucía atenden os alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais derivadas de discapacidades que revisten un carácter más grave e permanente; mentres que a gran maioría do alumnado con discapacidade está escolarizado nos centros docentes ordinarios autorizados para a integración. Este labor contémplase cun conxunto de medidas encamiñadas a facilita-la acción integradora, tales como a dotación de profesorado especializado e dos equipos de orientación educativa.

I.3.B.1 A educación especial en centros específicos.

Co desenvolvemento do Programa de Integración Escolar desde 1985, os centros específicos de educación especial centraron as súas actuacións naqueles alumnos e alumnas más gravemente afectados. A aplicación da LOXSE supuxo un afondamento no modelo de integración. Os centros específicos construíron un apoio á integración, acollendo alumnos e alumnas de modo transitorio, debido ó carácter reversible da decisión de escolarización, para retornalos posteriormente ó seu centro e converténdose en centros de recursos para a atención á diversidade do alumnado da zona mediante a dotación de recursos materiais e humanos e de formación.

Os centros específicos desenvolven un currículo moi diversificado para este tipo de alumnado, co obxectivo de potenciar ó máximo as súas posibilidades e capacidade. Por outra banda, os centros específicos tamén están desenvolvendo unha tarefa normalizadora e integradora mediante a impartición de programas de garantía social, aulas ocupacionais e programas de transición á vida adulta que teñen o obxectivo da integración socio-laboral.

En Andalucía existe no curso 1997-98 un total de 64 centros específicos de educación especial, dos que 21 son públicos e 43 privados concertados. Estes centros atenden educativamente a un total de 4.581 alumnos e alumnas gravemente afectados por diferentes tipos de discapacidades, 2.915 en centros privados e 1.666 en centros públicos.

O alumnado dos centros públicos é atendido por un total de 755 mestres especialistas e por 708 profesionais de distinta cualificación (psicólogos, médicos, pedagogos, fisioterapeutas, coidadores, educadores, etc.)

I.3.B.2 Centros de educación secundaria autorizados para a integración de alumnos con necesidades educativas especiais

Non se fai mención ós centros de primaria porque a integración é obligatoria en todos. Na educación secundaria obligatoria os alumnos e alumnas afectados por algúnsa discapacidade e con posibilidades de integración están escolarizados nos centros ordinarios e son atendidos polo profesorado ordinario, profesores de apoio e especialistas (profesores de pedagoxía terapéutica e de audición e linguaxe), psicólogo ou pedagogo do departamento de orientación, monitores de educación especial e profesionais dos equipos de orientación educativa, en maior ou menor medida por cada un deles, segundo as necesidades educativas de cada alumno ou alumna concretos.

A distribución de recursos humanos e materiais realizaase por centros e zona educativa, atendendo ó grato de discapacidade, ás necesidades educativas que presenta o alumnado e ós recursos necesarios para a súa atención.

A integración de alumnos con minusvalías na educación secundaria comezou o curso 1992-93, en que se autorizaron os 9 primeiros institutos de educación secundaria para levar a cabo a integración neste nivel educativo. No curso 1995-96 son xa 45 os institutos de educación secundaria autorizados. Por outro lado, 16 IES desenvolven programas de garantía social específicos para alumnos con necesidades educativas especiais, nos que se atenden 189 alumnos e alumnas con discapacidade; outros 119 alumnos e alumnas con discapacidade cursan programas de garantía social en réxime de integración.

I.3.C. A ATENCIÓN ÁS NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS DERIVADAS DE FACTORES SOCIOCULTURAIS E ECONÓMICOS

Dende o inicio das transferencias en materia de educación á Xunta de Andalucía, a consellería de Educación e Ciencia desenvolveu un conxunto de programas e de actuacións para a compensación das situacionés de desvantaxe derivadas de factores sociáis, culturais, xeográficos ou de pertenza a minorías étnicas; actuacións que, englobadas no Programa de Educación Compensatoria,

foron o instrumento solidario que o sistema educativo puxo ó servizo da loita contra todas estas formas deinxustiza social.

As actuacións compensatorias iniciadas en 1983 propiciaron a elaboración de modelos educativos adaptados e, de se-lo caso, diversificados á realidade de cada contorno, que significaron o adianto dalgúns das estratexias que actualmente recolle o novo modelo educativo.

I.3.C.1 Centros de atención educativa preferente.

As características destes centros veñen determinadas pola especial problemática e situación do ambiente e da poboación da zona na que se establecen. A dta problemática, que se manifesta con intensidade e grao variables segundo as zonas, pode consistir en desarraigamento social e perda de identidade cultural, falta de recursos económicos e materiais das familias, pobreza de expectativas socioculturais, ou ausencia de relacións pertinentes de comunicación e cooperación da comunidade educativa coa institución escolar, traducida, entre os outros indicadores, na escasa participación familiar nos centros.

A Administración educativa andaluza vénllles dando resposta ás necesidades educativas dos alumnos destes centros dende o curso 1983-84 coa convocatoria de proxectos de educación compensatoria para a atención educativa das desigualdades e atenuación das causas que as orixinan. Coa transformación dos proxectos más consolidados en centros de actuación educativa preferente, dende o curso 1987-88, produciuse unha maior expansión e xeneralización das medidas educativas que estes precisaban, o que supuxo unha priorización na dotación de medios e recursos complementarios, así como a adaptación do proxecto pedagóxico do centro ás características e necesidades dos alumnos.

Dende a promulgación da LOXSE, o tratamento da diversidade educativa nos centros das características indicadas terá que actuar de acordo cos seguintes principios:

- Apertura e flexibilidade curricular e organizativa dos centros.
- Adaptación do currículo escolar para face-la aprendizaxe máis significativa.
- Acción titorial e orientación entendida como función docente e dirixidas a facer realidade o principio da igualdade de oportunidades.

Para atender ós grupos de alumnos con acentuadas deficiencias socio-culturais, os centros establecen proxectos educativos de carácter compensador que recollen os sinais de identidade do centro; é dicir, o posicionamento que se adopta en relación ós problemas educativos, culturais e sociais da súa comunidade e articulan unha resposta educativa axeitada a eles para que a formación recibida lle sexa útil á poboación e sirva para mellora-las súas condicións de vida futuras e o acceso ós ben culturais e á formación permanente.

Este tipo de intervención permite a implantación de programas de compensación educativa coa dobre finalidade de evita-la aparición de dificultades de fracaso escolar mediante programas de

prevención, así como paliar ou reduci-las repercusións educativas das desvantaxes socio-culturais mediante programas de carácter solidario.

As finalidades anteriores preténdense acadar a través de actuacións tales como:

- Elaboración e aplicación de proxectos curriculares axustados ás necesidades da poboación e posibilidades do centro e a comunidade.
- Proxectos de centro que permitan unha incidencia real na comunidade, de xeito que o centro sexa un elemento básico de dinamización cultural, educativa e social da comunidade.

Os centros situados nas zonas urbanas marxinadas, para atenderen as necesidades educativas da poboación á que están abertos e contribuír á superación dos déficits de tipo cognitivo, lingüístico, afectivo, hábitos sociais e alimenticios, dificultades económicas e problemas de integración cultural e racial, desenvolven programas específicos que, potenciados, asesorados e supervisados pola Administración educativa pretenden converterse nos recursos adecuados para a compensación das desigualdades, conferíndolle ós seus respectivos proxectos de centro unha exposición verdadeiramente diversificada e compensadora. Os proxectos de centro poden, entre outros, desenvolver algúns dos seguintes programas:

- Programas de desenvolvemento e reestructuración cognitiva.
- Programas de enriquecemento lingüístico.
- Programas de desenvolvemento de habilidades sociais e desenvolvemento da personalidade.
- Programas de animación sociocultural e emprego do lecer e tempo libre.
- Programas de información e formación familiar: programas de creación de escolas de pais.
- Programas que atendan as necesidades que se poden producir como consecuencia da educación intercultural.

A declaración como centro de actuación preferente implica:

- Dotación específica de material didáctico.
- Dotación de profesorado de apoio a ciclos.
- Dotación suplementaria para gastos de funcionamento.
- Colaboración dos equipos de orientación educativa.

O número de centros de atención educativa preferente en Andalucía durante o curso 1997-98 foi de 185, nos que estaban matriculados un total de 70.526 alumnos de educación infantil e primaria, atendidos por 4.009 profesores.

I.3.C.2 Colexios públicos rurais.

Os centros educativos situados no ámbito rural enfróntense a unha serie de situacións específicas, diferentes ás que teñen que afronta-los centros situados nas capitais, as súas áreas metropolitanas e os centros de grandes poboacións.

Por iso, ó abeiro do Decreto 207/1984, do 17 de xullo, sobre educación compensatoria en zonas rurais, e 29/1988, do 15 de abril, créanse os colexios públicos rurais. De acordo co Plan de Actuación para a Escola Rural, os colexios públicos rurais son agrupacións de escolas rurais con aulas diseminadas, situadas nunha mesma zona ou comarca, da mesma ou distintas localidades, de forma que constitúen un só centro educativo. As súas principais características poderían identificarse con:

- A dispersión xeográfica dos centros e da poboación á que atenden.
- O illamento dos centros e a súa poboación, orixinado pola dispersión anteriormente aludida.
- A grande variedade da súa poboación: poucos alumnos pero de idades e niveis diversos.

A promulgación da LOXSE xerou, nos centros rurais, importantes expectativas, vendo no principio de autonomía organizativa e funcional a posibilidade de adaptarse ás peculiaridades do seu contorno e alumnado, así como traballar coordinadamente con outros centros rurais cun proxecto curricular de centro a nivel comarcal ou zonal, co conseguinte enriquecemento e aumento da súa eficacia.

A constitución dun colexio público rural implica:

- Dotación de profesorado especialista (itinerante).
- Dotación de profesorado de apoio didáctico.
- Dotación específica de material didáctico.
- Colaboración dos equipos de orientación educativa.
- Dotación económica suplementaria para gastos de funcionamento.

En Andalucía o total de colexios públicos rurais no curso 1997-98 é de 121, dos que máis dun tercio (44) se atopan na provincia de Granada.

O número de profesores que traballan nos colexios públicos rurais é de 1.489, que atenden a un total de 12.736 alumnos e alumnas de infantil e primaria.

I.3.C.3 Programa “preescolar na casa”.

A denominación de “preescolar na casa” refírese ó programa institucional de compensación educativa consistente na atención educativa dirixida a nenos e nenas menores de 6 anos que, debi-

do ós seus lugares de residencia (aldeas, pedanías, etc.), non poden asistir a un centro para recibilos ensinos correspondentes á educación infantil. Os obxectivos fundamentais desta actuación son:

- Previ-lo máis axiña posible o fracaso escolar, prestándolle atención ós alumnos no seu propio medio familiar e social e implicando os pais activamente.
- Aproveita-la importancia dos primeiros anos de vida para logra-lo desenvolvemento harmónico da personalidade do neno.
- Compensa-la falta de educación infantil que presentan estes alumnos ó se incorporaren á ensino primaria.
- Evita-lo illamento en que se atopan determinados alumnos polo seu emprazamento en zonas xeográficas rurais diseminadas.

Esta actuación de compensación educativa é desenvolvida por mestres e mestras itinerantes que, asesorados polos equipos de orientación educativa da zona, e en coordinación cos centros receptores dos alumnos, percorren as aldeas e casas de labor onde hai nenos sen escolarizar, e aténdenos individualmente ou en pequenos grupos nos seus mesmos fogares ou en locais habilitados para iso.

I.3.C.4 Actuacións para palia-lo absentismo escolar por recollida de colleitas.

Estas actuacións pretenden evita-la desescolarización ou o cambio de centro que se produce por consecuencia do desprazamento de determinadas familias a zonas de colleita de produtos agrícola. As actuacións céntranse no establecemento de convenios cos concellos ou deputacións provinciais para a organización de comedores escolares, transporte ou residencias de temporada que permitan a atención do alumnado durante o desprazamento dos seus pais ás tarefas de colleita.

O número de concellos que desenvolven as actuación sinaladas anteriormente son un total de 167 en Andalucía.

I.3.C.5 Aulas ocupacionais.

As aulas ocupacionais atenden adolescentes entre 14 e 16 anos que presentan dificultades xeneralizadas de aprendizaxe ou de adaptación escolar, e proporcionanlle unha formación máis práctica e vinculada ó mundo laboral. De acordo co establecido na LOXSE para os alumnos que non conseguén os obxectivos da educación secundaria obligatoria, estas aulas iranse transformando de maneira paulatina en programas de garantía social.

O número de aulas ocupacionais e de profesores en Andalucía é de 67, que traballan con 1.318 alumnos, dos que máis dun tercio corresponden á provincia de Cádiz.

I.3.C.6 Aulas hospitalarias.

O internamento hospitalario prolongado dos nenos e nenas en idade escolar non só ocasiona a interrupción do ritmo da súa escolarización senón que inflúe no seu desenvolvemento emocional, ocasionando unha alteración dos seus costumes e hábitos; situación que, engadida ás molestias que a enfermidade lles ocasione, esixen a posta en marcha dunhas estratexias específicas de adaptación ó novo ambiente.

Para paliaren os efectos negativos que estas situacions poden ocasionar no proceso de maduración, desenvolvemento e aprendizaxe dos nenos e nenas andaluces, as consellerías de Educación e Ciencia e de Saúde veñen desenvolvendo, dende o ano 1988, un programa de actuación en virtude do que os hospitais de Andalucía disponen dunha aula hospitalaria a cargo dun mestre ou mestra, dependente da Consellería de Educación e Ciencia, para previr e evita-la marxinación do proceso educativo dos nenos en idade escolar durante o período de hospitalización.

O profesorado que atende as unidades de apoio emprazadas nos hospitais da rede do Servicio Andaluz de Saúde desenvolve as seguintes funcións:

- Ofrecerlle asesoramento ós pais e nais en relación coas necesidades educativas dos seus fillos, en especial nos casos de hospitalización longa ou intermitente.
- Informa-los pais que o precisen sobre os diversos servicios existentes na zona da súa residencia: equipos de orientación educativa, centros de integración, centros específicos, etc.
- Asegura-la coordinación cos servicios sanitarios, favorecendo unha relación fluída cos servicios intrahospitalarios e extrahospitalarios para garanti-la atención integral do neno hospitalizado, asesorando o persoal sanitario que o requira sobre recursos educativos de apoio e contactando coas organizacións e asociacións que atenden os problemas específicos que sofren os afectados por determinadas patoloxías.
- Presta-la atención educativa directa co fin de previr ou paliar o atraso escolar que puidera ocasionar a hospitalización, dando así continuidade ós seus procesos educativos durante o tempo de permanencia no hospital.
- Establecer comunicación cos tutores dos centros escolares de procedencia dos nenos e nenas para garanti-la continuidade do seu proceso educativo, especialmente nos casos de longa hospitalización.
- Elaborar ou adaptar materiais didácticos que permitan a educación da acción educativa á variedade situacions persoais e escolares que se presentan.
- Deseñar e desenvolver actividades educativas de carácter lúdico e recreativo, axustadas ás características e situacions individuais destes nenos e nenas.
- Facilitarlle ós pais e nais formación e información en materia educativa para poderen colaborar e participar nas actividades programadas na unidade de apoio educativo.

I.3.C.7 Educación de adultos.

O camiño máis curto para a erradicación das desigualdades vén trazado pola educación. Nunha comunidade como a andaluza, na que historicamente as desigualdades sociais e económicas son manifestas, os datos de analfabetismo avalan esta realidade.

A toma de consciencia da necesidade de impulsar un programa de educación de adultos que, dende as vertentes educativa, social e de participación cidadá, viñese a erradicar esta lacra educativa, foi patente dende o primeiro momento en que o Goberno andaluz recibiu as competencias en educación.

As cifras son o suficientemente elocuentes. Neste censo de 1982 aparecían 601.717 analfabetos e 1.439.341 habitantes sen estudos básicos maiores de 10 anos. Isto supuña que un 11,8% da poboación andaluza era analfabeta. No censo de 1991 aparecen 365.892 analfabetos, do que resultan unhas taxas de analfabetismo en Andalucía dun 6,07% da poboación maior de 10 anos, e supón unha diminución de máis de cinco puntos en a penas oito anos de actuación educativa coa poboación adulta.

Tendo en conta os alumnos que asisten a alfabetización, durante os anos ós que se refire o presente informe a taxa de analfabetismo sitúase arredor do 5,45%; pero a dita taxa debe ser necesariamente inferior debido ás defuncións producidas neste período, que loxicamente afectan a esta poboación.

I.3.C.8 Servicios complementarios do ensino

Comedores escolares

O comedor enténdese como un servicio escolar complementario que ten como finalidade principal evitar calquera discriminación no exercicio do dereito á educación, motivada polo lugar de residencia ou derivada de factores sociais, económicos, culturais ou doutra índole. A organización do servicio de comedor escolar realizaase por calquera das seguintes maneiras:

- Xestionando directamente o centro o servicio, por medio do persoal laboral contratado para o efecto polo órgano competente, adquirindo os correspondentes subministros e utilizando os seus propios medios instrumentais.
- Mediante concesión do servicio a unha empresa do sector.
- Contratando o abastecemento diario de comidas elaboradas e, se é o caso, a súa distribución e servicio cunha empresa do sector.
- Concertando o servicio coas respectivas corporacións locais ou outras entidades e institucións que estean interesadas niso. Para este efecto formalizaranse os oportunos convenios coa Consellería de Educación e Ciencia, que poderían ter cabida dentro de marcos de cooperación más amplos, se iso fose así acordado.

Residencias escolares e escolas-fogar

Estas instalacións son centros sostidos con fondos públicos que acollen, en réxime de internamento, aqueles alumnos e alumnas que pola súa situación de hábitat ou de minusvalía, ou por razóns socio-familiares graves, ven posta en perigo unha normal escolaridade.

Estes centros garanten a igualdade de tódolos cidadáns en idade escolar no exercicio do dereito á educación. Identifícanse como fogar-residencia dos alumnos e alumnas no que estes realizan actividades de estudio, esparexemento, lecer e formación de hábitos persoais e sociais.

As residencias escolares teñen como finalidade proporcionarles ós seus alumnos aquelas situacións de convivencia social e aqueles aspectos educativos que en circunstancias normais o alumnado recibe na súa propia casa ou no seu contorno social máis próximo.

O aloxamento nestas residencias é totalmente de balde e neles hai un cadre de educadores, coidadores e persoal de servicios que atenden ós residentes, tanto na súa formación como en todo o que comporta o desenvolvemento da súa autonomía persoal.

A importancia deste tipo de atención educativa é relevante, pois non só trata de atender ós alumnos nas súas necesidades primarias de alimentación, abeiro e educación, senón que se lles atende mediante un plan de acción tutorial que contempla as situacións afectivas, sociais e cognitivas nas que se manifestan como máis deficitarios estes alumnos.

En Andalucía hai 81 residencias escolares, cun total de 9.9099 alumnos, dos que 4.037 cursan estudos de infantil/primaria e 5.062 de ensinos medios.

Transporte escolar

O transporte escolar constitúe un servicio complementario do ensino; a súa utilización polo alumnado trata de evitar discriminacións no exercicio do dereito á educación motivadas polo lugar de residencia.

O transporte escolar achega os alumnos ós centros receptores que imparten os ensinos. Durante o curso 1995-96 foron un total de 57.499 alumnos de infantil e primaria e 16.968 de secundaria, correspondentes a 504 centros de Andalucía.

I.4 PROPOSTAS E SUXESTIÓNS DE MELLORA

- Mellora-las condicións de escolarización do alumnado que presente necesidades educativas especiais, mediante aquelas accións, medidas, plans e programas que garантan o seu acceso e permanencia no sistema educativo.
- Adopta-las medidas necesarias para garantir que os centros que escolaricen alumnado con necesidades educativas especiais apliquen e desenvolvan, ademais das medidas curriculares establecidas na LOXSE, programas e accións de compensación educativa nos seus proxectos de centro, que aseguren a continuidade do proceso educativo ó longo de toda a escolaridade.

- Realiza-las modificacións necesarias na organización temporal e curricular dos ensinos para atende-lo alumnado que presente sobredotación das súas capacidades intelectuais.
- A escolarización do alumnado con discapacidade só se realizará en centros específicos de educación especial cando, polas súas características especiais ou grao de discapacidade, as súas necesidades educativas non poidan ser atendidas en réxime de integración.
- Establecer medidas que lle permitan á poboación escolar a súa continuidade nos ciclos educativos de forma ininterrompida, con independencia da permanencia ou non nun lugar determinado durante períodos prolongados (fillos de temporeiros, alumnado enfermo, etc.).
- Facilitarlle ó alumnado o uso dos servicios complementarios de trasporte, comedor e, se é o caso, residencia cando sexa necesario para a súa axeitada escolarización.
- Deseñar un plan específico de formación para o profesorado que atende a alumnos con necesidades educativas especiais.

II. A ESCOLA INTERCULTURAL

Andalucía foi ó longo da historia terra de paso, punto de encontro e intercambio ente as culturas e os grupos étnicos procedentes dos lugares más diversos, predominando actitudes e hábitos sociais tolerantes e predispostos á acollida e á fusión cultural.

Esta característica cultural andaluza, que debe ser preservada e afondada, débelle dar resposta á problemática social que xera a chegada masiva de inmigrantes a países europeos que está caracterizando o final de século. As novas sociedades serán cada vez más populares, con maior mestura cultural, e cómpre darles resposta, dende o sistema educativo, ás necesidades dos grupos sociais, atopando fórmulas de integración que respecten as peculiaridades das culturas propias.

II.1 REFERENCIA NO MARCO LEGAL

A indicada no apartado 1.1

II.2 ANTECEDENTES E TRADICIÓN SOBRE O TEMA

O novo modelo educativo que propugna a reforma educativa ten como un dos seus principios básicos o tratamiento da diversidade. Hai unha vontade explícita no lexislador de respecto ás diferencias, tanto individuais como culturais, xunto coa definición do papel compensador do sistema educativo ante as situacións de desigualdade, como instrumento de integración social e cultural.

A LOXSE define con claridade a importancia da formación nos valores de tolerancia, respecto á diversidade cultural e solidariedade. Así, entre as finalidades que aparecen recollidas no artigo 1, figuran:

1. A formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.
2. A formación no respecto á pluralidade lingüística e cultural de España.
3. A formación para a paz, a cooperación e a solidariedade dos pobos.

Posteriormente, entre os principios educativos recollidos no artigo 2.3.c resáltase “a efectiva igualdade dos dereitos entre os sexos, o rexeitamento a toda discriminación e o respecto a tódalas culturas”

O Decreto 106/1992, que establece os ensinos correspondentes á educación secundaria en Andalucía, recolle e desenvolve amplamente o enfoque interculturalista na educación, e resalta a intención de contribuír co proxecto educativo da nosa Comunidade á creación “dunha sociedade más desenvolvida e xusta dende o respecto ó pluralismo, a liberdade, a solidariedade e a cooperación como valores fundamentais” (Introducción). Posteriormente, os anexos do decreto desenvolven amplamente os obxectivos fixados en contidos específicos de interculturalidade nas diversas áreas, resaltando a importancia da área social e da educación moral e cívica.

A educación intercultural introduce unha nova perspectiva no coñecemento social: o distante xeograficamente e culturalmente pasa a ter un novo valor, faise significativo para os alumnos e alumnas, xa que os problemas do contorno próximo están cada vez más interconectados con feitos que ocorren a grande distancia; o propio contorno, como xa se indicou, é cada vez más plural e complexo culturalmente e etnicamente.

Por outra parte, a convivencia de alumnado de distintas culturas de orixe, feito cada vez más frecuente nas nosas aulas, esixe redefinir a educación como un proceso de intercambio cultural, de fusión de culturas por medio do diálogo. O centro educativo debe crea-los espacios para o coñecemento mutuo das formas de vida, o desenvolvemento do respecto pola variedade e o interese pola incorporación das características más interesantes das outras culturas.

O currículo escolar queda así enriquecido polas achegas de diversas perspectivas; e a motivación dos alumnos e alumnas pertencentes a minorías étnicas será maior ó se faceren más significativas as aprendizaxes da aula, más próximas ás súas propias vivencias culturais. Dalgunha maneira podemos afirmar que estes alumnos poden converterse en “recursos educativos”, enriquecendo coas súas achegas concretas as experiencias de aprendizaxe dos seus compañeiros e compañeiras. Desta forma mellóranse a autoimaxe e as expectativas sociais destes grupos, e o resto do alumnado pode descubrir novos aspectos de carácter positivo nas culturas diferentes á propia, rompéndose así estereotipos e prexuízos e fomentando dende a aula, de maneira activa e comprometida, o respecto á diversidade cultural.

A educación constitúe un instrumento indispensable para que a humanidade poida progresar cara á liberdade, a paz e a xustiza social, e a escola é o vehículo que a sociedade emprega para transmitir significados e valores, mesmo en momentos coma o presente, onde tanta importancia se lle dá á eficiencia e ó logro de resultados inmediatos.

Os grandes retos da educación ás portas do século XXI débense expor tomando como referencia contidos que abrangan aspectos tales como aprender a ser, aprender a facer, aprender a pensar e aprender a convivir.

O progresivo aumento dos movementos migratorios fixo medrar de xeito alarmante as manifestacións de rexeitamento á diferencia, con manifestacións racistas e xenófobas que son cada día más numerosas.

Os sistemas educativos deben asegura-las bases para a igualdade de oportunidades na escola, o traballo e a sociedade, atendendo á diversidade de xéneros, etnias e culturas a partir dun recoñecemento entre iguais baseado no respecto á diversidade. A educación intercultural, entendida como actitude pedagóxica que favorece a integración entre as diferentes culturas, convértese así na mellor maneira de previ-lo racismo e a xenofobia.

O artigo 26 da *Declaración universal dos dereitos humanos* establece que toda persoa ten dereito á educación e que esta terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana e o fortalecemento do respecto ós dereitos humanos e ás liberdades fundamentais, favorecendo a comprensión, a amizade e a tolerancia entre tódalas nacións e grupos étnicos ou relixiosos.

Na Comunidade Autónoma Andaluza existe un marco moi amplo que lle dá cobertura á intervención educativa en contextos multiculturais dende unha perspectiva intercultural. Así, a Constitución Española de 1978, no seu artigo 27 establece que o obxectivo da educación é o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto ós principios democráticos de convivencia e ós dereitos e liberdades fundamentais.

O novo marco lexislativo que estable a LOXSE define a escola pública como un espacio de convivencia e aprendizaxe, que ofrece un servicio público que garanta o dereito á educación de tódolos cidadáns e cidadás. A LOXSE, nos seus fins e principios, opta por un modelo de persoa e de sociedade que se fundamentan nun conxunto de valores –xustiza, tolerancia, liberdade, paz, cooperación, solidariedade, non discriminación, etc.- e nos principios democráticos de convivencia: pluralismo, participación e respecto. Na Comunidade Autónoma de Andalucía, os decretos que regulamentan o ensino obligatorio sosteñen que cómpre garantí-los dereitos humanos e a súa extensión progresiva ós pobos e minorías étnicas ás que non se lles recoñeceu, a loita contra as diferencias sociais e culturais inxustas, a eliminación do racismo e a xenofobia e a plena igualdade de sexos. Entre os obxectivos previstos están o respecto á diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e individuos. Na Lei 1/1998, do 20 de abril, dos dereitos e a atención ó menor, regúlanse e actualízanse diferentes aspectos da dita atención.

A institución escolar convértese así nun lugar privilexiado de formación para a convivencia, por ser un escenario ideal para que alumnos e adultos concreten e se exerciten nos valores demo-

cráticos. Desde esa perspectiva, a escola debe ser unha institución onde homes e mulleres aprendan aqueles valores e actitudes que aseguran unha convivencia libre, pacífica, tolerante e non discriminatoria.

II.3 SOLUCIÓNS E ESTRATEXIAS EN CADA TERRITORIO PARA AFRONTA-LO TEMA E MODELO Ó QUE CONDUCE

En Andalucía, un feito innegable e crecente é a presencia e acollida de poboación pertencente a minorías étnicas e culturais. Neste sentido, e co fin de promover conductas e actitudes de respeito e comunicación ante a pluralidade cultural, poranxe en marcha actuacións que favorezan o desenvolvemento e o respecto á identidade cultural deste alumnado, fomentarase a participación de asociacións de pais e naís, organizacións non gobernamentais e voluntariado.

II.3.A ATENCIÓN Á POBOACIÓN INMIGRANTE

A Consellería de Educación e Ciencia elaborou un censo da poboación escolar pertencente a outras nacionalidades e escolarizada nos centros públicos.

Deste censo extráense os seguintes datos.

ALUMNADO INMIGRANTE POR CONTINENTES CURSO 11998/99					
ASIA	ÁFRICA	AMÉRICA	EUROPA	OCEANÍA	TOTAL
432	1.750	907	3.136	14	6.239

A axeitada atención educativa do alumnado inmigrante require actuacións referidas a distintos campos, todos eles necesarios e estreitamente relacionados entre si. En primeiro lugar, son necesarias medidas en relación coa escolarización deste alumnado, procurando sempre unha distribución equilibrada entre tódolos centros sostidos con fondos públicos e evitando tanto a dispersión dun número reducido de alumnos en moitos centros como a concentración dun número considerable en poucos centros encolares. En segundo lugar, unha vez incorporados os alumnos ós centros, débense centra-los esforzos en facilita-la aprendizaxe do español, xa que vai se-la lingua a través da que accederán ó ensino e o seu coñecemento resulta fundamental para a plena inserción no sistema educativo. A aprendizaxe da lingua de acollida débese compaxinar coa aprendizaxe da lingua materna para preserva-las súas referentes culturais e facilita-la comprensión das pautas culturais do seu contorno familiar. Por último, e englobando tódolos aspectos anteriores, tódalas actuacións enmárcanse no contexto dunha educación que deberá ter moi presente a atención á diversidade cultural do alumnado.

• **Na provincia de Almería:**

Durante o presente curso escolar vaise continuar coa experiencia das aulas temporais de adaptación lingüística (ATAL). O obxectivo destas aulas é acelera-la integración do alumnado inmigrante nos centros educativos de educación obligatoria e favorecer un acceso máis rápido á lingua española por parte dos alumnos e alumnas que lles permita seguir o ensino das diferentes áreas do currículo. Estas aulas constitúen, por tanto, unha estratexia para favorece-la adquisición da lingua de acollida.

Durante o curso 99-2000 está previsto o funcionamento das aulas temporais de adaptación lingüística, dúas na zona de Pofiente (Roquetas e E Ejido) e unha na zona de Levante-Níjar.

Para o funcionamento destas aulas, os centros contan con profesorado de apoio encargado expresamente da atención do alumnado que vai pasando en períodos de dous e tres meses pola aula, ademais do profesorado ordinario. Durante o presente curso contarase cunha cota de tres profesores para a atención, a tempo completo, destas aulas.

Xunto cos recursos humanos, a dotación a estas aulas de recursos materiais (establecemento dun módulo de equipamento de material didáctico específico, composto por unha selección de material que se envía para logopedia, educación musical, informática, etc.) fai posible unha resposta educativa ás necesidades de adaptación e acollida que precisa este alumnado sobre todo nos momentos iniciais da súa incorporación ó sistema educativo español.

• **Na provincia de Málaga:**

Dende hai varios cursos vénense desenvolvendo na provincia de Málaga diversas actuacións dentro do ámbito da educación Intercultural. Estas actuacións son a resposta que dende o sistema educativo se lle ofrece a unha realidade social na que a mestura cultural a consecuencia do actual movemento migratorio é un feito cada vez más palpable nas nosas escolas. As ditas actuacións van continuar desenvolvéndose durante o presente curso escolar 1999-2000. Para tal fin cóntase cunha cota de dous profesores para a atención, a tempo completo, deste alumnado.

II.3.B ATENCIÓN Á POBOACIÓN XITANA:

Na actualidade a Consellería de Educación e Ciencia participa, xunto coa Consellería de Asuntos Sociais, no Plan integral para a comunidade xitana de Andalucía.

Con eles, o compromiso fundamental da Consellería de Educación e Ciencia é a consecución da escolarización plena e continuada da poboación infantil xitana nos niveis obligatorios, asumindo a necesidade da educación intercultural nos centros educativos. As actuacións que se levan a cabo para acadar este obxectivo son:

- O fomento entre as familias xitanas da escolarización continuada.
- O impulso da colaboración dos membros da comunidade educativa e os equipos de acción social como apoio á familia e seguimento da escolarización.
- O desenvolvemento de proxectos pedagóxicos de centros para a integración cultural xitana.
- A promoción de actividades non regradas, abertas á convivencia pluricultural.
- A facilitación de información ás familias xitanas economicamente desfavorecidas para se acollerán ás axudas de comedores escolares, libros e material curricular básico.
- O fomento do estudio da cultura xitana na formación do profesorado.
- A inclusión no material didáctico escolar, de información sobre a étnica xitana e a elaboración de materiais sobre a súa cultura.

II.3.C ACTUACIÓN DIRIXIDAS Á ATENCIÓN Ó ALUMNADO EN NÚCLEOS DE CHABOLISMO

Entre as actuacións compensadoras levadas a cabo pola Consellería de Educación e Ciencia atópanse as destinadas a garantir e normaliza-la escolarización dos alumnos e alumnas procedentes de asentamentos e barriadas con problemática social. A súa finalidade é evita-lo absentismo e propicia-la participación deste alumnado nas actividades organizadas polos centros. No asentamento chabolista de El Vacie (Sevilla) realizarónse as seguintes:

- Campaña de escolarización para 175 nenos non escolarizados en distintos centros públicos da zona.
- Dotación dun mestre de apoio a cada un dos centros receptores (7 mestres) e 300.000 ptas. complementarias para gastos de funcionamento (1.500.000 ptas).
- Creación de rutas de transporte para facilita-lo acceso destes alumnos ós centros, cun custo que ascendeu a 4.000.000 ptas.
- Posta en marcha dun comedor escolar para este alumnado no centro cívico de San Jerónimo, cedido polo concello. Atende a 100 nenos e o custo aproximado é de 3.000.000 ptas.

II.4 PROPOSTAS E SUXESTIÓNS DE MELLORA

- Potencia-lo valor da interculturalidade, integrando no feito educativo a riqueza que supón o coñecemento e respecto pola cultura propia dos grupos minoritarios.

- Desenvolver actitudes de comunicación e respecto entre todos los miembros da comunidade educativa, independientemente das suas capacidades persoais e da súa situación social ou cultural.
- Os centros con alumnado pertencente a minorías étnicas ou culturais incluirán nos seus proxectos de centro medidas que favorezcan o desenvolvemento e respecto da identidade cultural deste alumnado, que fomenten a convivencia e que faciliten a súa participación no contorno social.
- Impulsa-la coordinación e colaboración das distintas Administracións, institucións, asociacións de pais e de nais e organizacións non gobernamentais, para a converxencia e desenvolvemento das accións compensadoras e de solidariedade.
- Fomentar actividades que, coa participación de pais e nais do alumnado inmigrante, sirvan de canle para a integración social.
- Deseñar un plan específico de formación para o profesorado que atenda ó alumnado pertencente á comunidade xitana, a minorías étnicas ou a inmigrantes.